



AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL



XUNTA
DE GALICIA



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL



PROGRAMA DE AXUDAS DE XERA

RESOLUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN TECNOLOXÍAS FORESTAIS, PROCESADO,
MOVILIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS

**PREGUNTAS MÁIS
FRECUENTES**

- ¿Para acreditar a viabilidade económica mediante dispoñibiliade de crédito bancario, teño que ter o crédito dispoñible nunha conta?

Non, sería suficiente cun documento asinado polo banco no que se certifica estar en disposición de concederlle o financiamento.

- ¿De non estar inscrito no Resfor, ou non ter os datos actualizados, que prazo teño para facelo?

Deberá facelo durante o primeiro trimestre do ano.

- ¿Se non teño un seguro de responsabilidade civil ou un contrato de prevención de riscos laborais, podo contratalo aínda?

Non, xa que deberan estar contratados con anterioridade á publicación da convocatoria.

- ¿Unha empresa que se adica unicamente ao desbroce e plantación de montes e que está inscrita no Resfor pode solicitar a subvención para unha rozadora?

Non, para ser beneficiaria da subvención para unha rozadora debe ter como mínimo un equipo de saca propiedade da empresa.



PROGRAMA DE AXUDAS DE XERA

RESOLUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN TECNOLOXÍAS FORESTAIS, PROCESADO,
MOVILIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS

**PREGUNTAS MÁIS
FRECUENTES**

- ¿Considéranse subvencionables as góndolas e os pisos móbiles?

Non, tanto as cabezas tractoras como os seus implementos (góndolas, pisos móbiles, guindastres...) considérase que forman parte do transporte estándar polo que non son subvencionables segundo as bases reguladoras.

- ¿Son subvencionables os investimentos utilizados para a produción de pellets?

Si, sempre e cando os pellets non sexan un produto de venda ao comercio polo miúdo.

- ¿Sería subvencionable a maquinaria base dunha procesadora se é solicitada independentemente?

Si, se dita maquinaria base é fabricada exclusivamente para traballos forestais.

- ¿En que casos debo presentar a licenza de obra ou comunicación no concello?

Naqueles casos en que, segundo a normativa municipal, sexa preceptiva a licenza para acometer a obra ou instalar os equipos.



PROGRAMA DE AXUDAS DE XERA

RESOLUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN TECNOLOXÍAS FORESTAIS, PROCESADO,
MOVILIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS

**PREGUNTAS MÁIS
FRECUENTES**

- ¿Que cursos de formación, para os efectos da subvención, se consideran obrigatorios segundo os plans de seguridade laboral?

Aqueles cursos que sexan específica e exclusivamente de seguridade e prevención de riscos laborais, os cales non serán tidos en conta para o baremo.

- ¿Se converto un traballador temporal da empresa en fixo, considérase unha creación de emprego?

Si, sempre e cando contrate outro traballador que supoña un incremento no número de traballadores da empresa respecto a antes da conversión.

- ¿Cando debo marcar no anexo I o cadro de solicitude de inspección de non inicio?

Cando solicite un investimento para o acondicionamento de parques intermedios ou instalacións neles ou en instalacións ou maquinaria fixa en empresas de primeira transformación da madeira ou outros produtos forestais.

No caso da maquinaria móbil, que se executa despois da presentación da solicitude e desexa empezar a utilizar, dedeberá solicitar a inspección comprobatoria de execución para que o persoal da Axencia comprobe que é nova e non se comezou a utilizar.